



Ai lalelo...

/: Vámonos d'aquí qu'é hora :/  
/: vén o carro das estrelas  
por riba das casas novas. :/  
Ai le le lo...

/: Hox'aquí o meu non vén-he :/  
/: é criado de servicio  
vai na corrida do tren-he. :/

Hox'é luns mañán é martes  
corta feira logho vén-he  
/: domingo tárdam'un ano  
por ver a quen quero ben-he. :/

Ai e lelelelela...

Para bailar veño eu-e,  
para cantar meu irmau-e,  
/: para toca-lo pandeiro  
viva quen o tén na man-he. :/

/: Este pandeiro que toca  
non é meu qu'é de María  
que mo prestou ont'á noite  
para ir á romaría. :/

/: O cura chamoume Rosa,  
eu tamén lle respondín-he :/  
“Señor Cura, estas rosas  
non as ten no seu xardín-he.”

E ti que o tes  
e i-eu que cho vín  
n'aquel buratiño  
que ten o mandil.

/: Unha vella dix'à outra  
polo borato da porta: :/  
/: “Ti atend'á tua vida  
qu'a miña nada ch'importa. :/



E ti que o tes  
e i-eu que cho vín  
n'aquel buratiño  
que ten o mandil.

Por ese qu'entrou no baile  
por ese qu'entrou agora  
por ese qu'entrou no baile  
tocarei na noite toda.

E ti que o tes  
e i-eu que cho vín  
n'aquel buratiño  
que ten o mandil.